

NOME:


CURSO:



PRIMARIA
2ª SEMANA

O Autobús:

Se conduces un autobús con 43 persoas dende Vigo a Baiona, paras en Saiáns, soben 7 persoas e baixan 5; paras en Nigrán soben 4 máis e baixan 8. Chegas a Baiona 2 horas máis tarde. ¿Como se chama o condutor?




De cálculo:

Canta area hai dentro dun buraco de $2 \times 2 \times 2$ metros?



Serie lóxica:

Continúa esta serie lóxica:



Dilema moral:

Pode un home casar coa irmá da súa viúva?

NOME:

CURSO:



E.S.O.
2ª SEMANA

Enfado inexplicado:

Rocío é moi amiga de Ana e sempre están a facer bromas e contándose chistes anti-machistas. Hoxe, antes de entrar na clase, Rocío está falando e rindo cunhas amigas e pasa Ana cos seus libros e non di "ola", nin "bos días", nin nada. Rocío comenta coas outras: "qué lle pasará a esta hoxe; estará enfadada por algo?". As amigas responden: "Ao mellor non te viu, ou ía preocupada por algo, ou está enfadada con algunha de nós, e non contigo".

Ante esta conducta de Ana. Cantas cousas diferentes pode facer Rocío?



px274016 www.fotosearch.es

Vasos:

Na barra dun bar hai dez vasos en fila; os cinco primeiros están cheos de limonada e os cinco últimos están baleiros.

Cantos vasos hai que mover para formar con eles una fila onde os vasos baleiros e os cheos se vaian alternando?



Discos:



Cantos discos tiña ao principio se lle regalei ao meu irmán a metade, máis a metade dun disco e despois regaleille á miña irmá a metade dos restantes, máis a metade dun disco e ao final só me quedaba un?